



AXENCIA PARA A CALIDADE DO  
SISTEMA UNIVERSITÁRIO DE GALICIA (ACSUG)

# **CODIGO ETICO DA AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA**



**ACSUG**  
AXENCIA para a CALIDADE do  
SISTEMA UNIVERSITARIO de  
GALICIA

*Aprobado polo Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) celebrado en Santiago de Compostela o 14 de Xullo de 2008*

## **Código Ético da Axencia para a Calidade de Sistema Universitario de Galicia**

Documento Refª: 140708

© 2008 Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade, s/n  
CIFP Compostela, 5.ª planta  
15702 - Santiago de Compostela

Teléfono: 981 534 173 – Fax: 981 534 174

Enderezo electrónico: [acsug@acsug.es](mailto:acsug@acsug.es)

Páxina web: [www.acsug.es](http://www.acsug.es)

Traducción: Servicio de Normalización Lingüística. Universidade da Coruña



A ACSUG dispón dun sistema de xestión de calidade certificado segundo a Norma ISO-9001:2000 o 20/03/2006 e número de certificación EC-2346/06 co seguinte alcance:

- Apoio á certificación de unidades administrativas do Sistema Universitario de Galicia.
- Tramitación de complementos retributivos autonómicos e avaliación e informe de profesorado.
- Avaliación de titulacións, programas e servizos do Sistema Universitario de Galicia.

Este documento e propiedade da ACSUG. Non está permitida a reprodución total ou parcial, nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquer medio, sin o permiso previo e por escrito da ACSUG, que non poderá ser considerada responsable de eventuais erros ou omisións en na edición do documento.

# Presentación

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) créase no ano 2001, coa misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia, e cunha clara tendencia de servizo á sociedade e a toda a comunidade universitaria en particular.

Como axencia de calidade, a ACSUG sempre procurou realizar as súas actividades cos máximos niveis de calidade e transparencia nos seus métodos de funcionamento, organización interna e procedementos utilizados. Para levar a cabo o seu labor de nexo entre as universidades galegas, outras institucións e axentes sociais dun xeito eficiente, é fundamental que a ACSUG teña credibilidade e recoñecemento en todas as súas accións.

Por todo iso, decidiuse estandarizar e plasmar nun código ético, os principios e forma de actuar que xa se utilizaban anteriormente mais que non estaban establecidos dun xeito formal. Para o deseño e establecemento do código ético tívose en conta o Informe Nolan<sup>1</sup>, no cal se citan unha serie de principios básicos de aplicación xeral en todos os servizos da función pública:

- Desinterese persoal
- Integridade
- Obxectividade
- Responsabilidade
- Transparencia
- Honradez e honestidade
- Iniciativa

O presente código reforza o compromiso coa mellora continua, a transparencia, a excelencia na conduta e xeito de actuar, así como coa realización eficaz e eficiente das actividades realizadas. Na súa elaboración participou o persoal da ACSUG que asume como seus todos os principios contidos no código.

Julio Ernesto Abalde Alonso  
Director da ACSUG

<sup>1</sup> Informe Nolan (1995). *Spending Public Money: Governance and Audit Issues* (Cm 3179). Marzo 1996. *Code of Best Practice for QAA Board Members*. Gran Bretaña.

# Misión e visión

## Misión

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ten a misión fundamental de contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), para o cal se levan a cabo accións de elaboración de informes, avaliación, certificación e acreditación das actividades que desenvolven as universidades galegas, especialmente as relacionadas coa docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e a xestión.

A ACSUG serve de soporte constante de recollida e canalización de información entre as universidades galegas, outras institucións e axentes sociais, de modo que contribúe a que o SUG se manteña permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes.

## Visión

A ACSUG pretende ser un referente canto á garantía de calidade das institucións de educación superior do SUG, e é recoñecida en Galicia, España e a nivel internacional pola súa independencia, transparencia e credibilidade.

## **Artigo 1. Obxecto**

O código ético da ACSUG ten por obxecto establecer un conxunto de normas de actuación que lle permitan desenvolver as súas actividades segundo uns criterios de confianza e responsabilidade social, así como crear uns valores comúns e compartidos que se integren nos métodos de traballo da axencia.

## **Artigo 2. Campo de aplicación, compromiso e legalidade**

O código ético é de aplicación en todas as relacións da ACSUG co colectivo universitario de Galicia, así como con outras institucións ou grupos de interese con que estableza contacto.

Están suxeitos a este os órganos de goberno e dirección da ACSUG, en particular o director ou directora da axencia; os órganos consultivos e de avaliación; o persoal pertencente ás súas diferentes áreas; así como todo o persoal colaborador e avaliador que realice servizos encomendados pola ACSUG. Todos eles ratifican o seu compromiso co código ético para conseguir que a ACSUG alcance os máis altos niveis de excelencia na súa conduta e forma de actuar.

A ACSUG desenvolverá as súas actividades no marco da Constitución Española, o Estatuto da Comunidade Galega e todas as leis que lle foren de aplicación, en función das súas atribucións e competencias.

## **Artigo 3. Calidade, innovación e excelencia**

A ACSUG asume o compromiso da excelencia e a innovación na realización das súas actividades como un aspecto importante e diferenciador. Para iso foméntase unha actitude de mellora continua nos servizos prestados, o cal inclúe os conceptos de cultura de excelencia e innovación nos procesos.

Na ACSUG realízanse as accións e cambios necesarios na procura da conformidade e da certificación externa con respecto a normas, modelos e regras comúns de recoñecemento internacional co fin de mellorar continuamente os resultados e a confianza do ámbito, da sociedade e da comunidade universitaria.

#### **Artigo 4. Criterios éticos e busca de resultados**

A Dirección ten a obriga de inculcar na organización un carácter ético e socialmente responsable que sirva de base para optimizar a eficacia interna. A Dirección fomentará un clima laboral positivo e motivador, para que todos os empregados realicen as súas funcións e tarefas buscando a excelencia operacional e aumentar continuamente o valor que a ACSUG lle achega á sociedade e mais ao SUG.

#### **Artigo 5. Emprego dos recursos humanos e materiais**

A ACSUG buscará a eficacia e a excelencia na realización das súas actividades e asemade xestionará os seus recursos materiais e humanos baixo criterios de austeridade e eficiencia.

A orixe destes recursos, así como a súa utilización quedarán suxeitos a estritas normas de transparencia. Os recursos utilizaranse dun xeito responsable e imparcial co fin de reforzar a independencia nas actuacións da ACSUG.

#### **Artigo 6. Difusión do código ético**

A ACSUG velará pola publicidade e difusión do código ético, que será posto ao dispor de todas as partes interesadas e estará dispoñible para a súa consulta polo público en xeral.

#### **Artigo 7. Aprobación, avaliación e revisión do código ético**

O código ético é aprobado polo Consello de Dirección da ACSUG e a súa correcta aplicación e validez será revisada periodicamente por este órgano, coincidindo coa revisión anual do sistema de xestión implantado na ACSUG, a cal se realiza na última reunión de cada ano.

Alén do comentado anteriormente, a adecuación e aplicación do código ético será revisado no traballo cotián por parte de todos os órganos da ACSUG e mais polo persoal, que lle comunicarán ao director ou directora calquera aspecto relativo a este.

A resolución das incidencias ou controversias que se produciren, respecto do cumprimento das normas ou códigos éticos e de boas prácticas nos procedementos e actuacións que se realicen, será realizada polo Consello Asesor da ACSUG.

#### **Artigo 8. Respecto e colaboración**

A ACSUG traballa en todo momento sobre unhas bases de total respecto e busca de colaboración e comunicación fluída coas universidades galegas e con outras administracións e axencias de calidade, tanto autonómicas, estatais como internacionais. O intercambio de boas prácticas e ferramentas de avaliación, acreditación, certificación e análise considérase fundamental para a mellora continua e a realización eficaz e eficiente das actividades da ACSUG.

## **Artigo 9. Orientación ao usuario**

A ACSUG centra a súa atención e a súa estratexia na satisfacción das necesidades e expectativas dos usuarios e usuarias. É a sociedade, en particular a galega, a que demanda unha garantía da calidade da educación superior, o cal inclúe a docencia, a investigación, a transferencia de coñecemento e mais a xestión. Por tanto, as actividades e servizos realizados pola ACSUG están enfocados a satisfacer esta demanda.

## **Artigo 10. Profesionalidade**

O persoal da ACSUG e aqueles que presten servizos a esta, comprométense a realizar o seu traballo buscando o interese público e mais a antepoñer, en todas as súas actuacións, este interese público ao beneficio particular.

## **Artigo 11. Transparencia**

A ACSUG comunicará con antelación e claridade suficientes a información necesaria sobre os seus procesos de avaliación, procedementos, criterios, formularios e ferramentas que se utilizan nas avaliacións e actividades, sen ocultar ningún tipo de información a que teñan dereito os usuarios dos servizos de la ACSUG.

A ACSUG realiza cada ano unha memoria de actividades, onde se indican claramente as actividades realizadas, convenios e alianzas establecidas así como información sobre recursos humanos, materiais e económicos. Esta memoria é publicitada para que a sociedade, en xeral, e o colectivo universitario en particular teñan acceso a ela.

## **Artículo 12. Independencia**

A ACSUG é unha entidade de dereito público, dotada de personalidade xurídica plena e independente da dos seus membros, con plena capacidade xurídica que require o cumprimento dos seus obxectivos.

Por tanto, a ACSUG actúa con autonomía e liberdade no cumprimento das súas obrigas co propósito firme de favorecer o cumprimento da súa misión, a súa visión e a profesionalidade e credibilidade das súas actuacións. Non se permite que as presións externas, influencias ou intervencións alleas inflúan no rigor dos criterios e principios de actuación.

## **Artigo 13. Protección de datos e confidencialidade**

A ACSUG establecerá todas as medidas necesarias para xestionar axeitadamente toda a información e datos persoais de que dispón segundo o establecido na lexislación vixente relativa a protección de datos, facendo especial fincapé en establecer uns mecanismos de seguridade efectivos que aseguren a confidencialidade dos datos.

As persoas que acceden a información confidencial no exercicio do seu traballo para a ACSUG, asumen unha declaración de confidencialidade, imparcialidade e ausencia de conflito de intereses.

#### **Artigo 14. Imparcialidade e neutralidade**

Todas as persoas que interveñan na prestación de servizos da ACSUG deben ser neutrais e imparciais, e deben cumprir os mesmos estándares éticos que se inclúen neste código, absténdose de participar en calquera actividade en caso de conflito de intereses.

#### **Artigo 15. Rigor**

Todos os órganos de que se compón a ACSUG, o seu persoal, e o persoal colaborador e avaliador realizarán as súas actividades baseándose exclusivamente na exactitude e o rigor técnico, sen discriminación con base en factores cientificamente irrelevantes como a idade, sexo, lingua, etnia ou relixión e sen atenderen a xuízos previos de valor.

#### **Artigo 16. Traballo en equipo e comunicación interna**

Ademais de establecer unhas canles de comunicación cos organismos e grupos de interese externos, desde a ACSUG considérase decisiva a comunicación interna para conseguir os fins establecidos na realización das actividades.

Por iso, realizaranse todas as reunións e actividades de intercambio de información interna que cumpriren para fomentar o traballo en equipo, o intercambio de experiencias e ideas, e a proposta de melloras e cambios que haxa que levar a cabo.

#### **Artigo 17. Responsabilidade ambiental**

A ACSUG, consciente da importancia de realizar as súas actividades respectando o ámbito ambiental, comprométese a realizar unha xestión responsable do medio, para o cal se establecen os seguintes principios xerais:

- Realización das actividades para que se minimicen os impactos ambientais negativos asociados a estas.
- Procurar a eficiencia enerxética, a diminución dos consumos de materiais e outros recursos, e a correcta xestión dos residuos xerados.
- Atenderase ao principio de prevención da contaminación incorporando os criterios ambientais nas actividades da ACSUG.

#### **Artigo 18. Responsabilidade social**

A ACSUG, dentro da súa clara orientación aos seus usuarios e usuarias, ten en conta o impacto na sociedade dos servizos que presta. Para iso, identifícase as partes interesadas e establécense mecanismos de comunicación con elas para solicitar información relativa ás actividades realizadas. Toda a información recompilada ten un valor decisivo de cara á mellora continua das actividades e a prestar os servizos, adaptándoos á situación social cambiante.